

Expediente núm.: 253/2025

Anuncio de consulta previa

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Asunto: Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga potable, Saneamento e Deputación das augas residuais do Concello da Merca

ANUNCIO DE CONSULTA PREVIA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPUTACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DA MERCA , solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

A cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o **prazo de VINTE DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal**, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

MEMORIA DA NOVA REGULACIÓN PRETENDIDA CO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPUTACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DA MERCA

ANTECEDENTES

Este Concello carece de Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga potable, Saneamento e Deputación das augas residuais do Concello da Merca, polo que non atopamos antecedentes desta norma.

PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA DE REGULAMENTO

Aqueles problemas derivados da inexistencia dunha norma que regule a prestación dos distintos servizos municipais entre este Concello e os usuarios do servizo.

NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

O desenvolvemento da lexislación estatal e autonómica, por parte das Entidades Locais, relízase a través da potestade regulamentaria recoñecida no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que implica a posibilidade da



elaboración de Ordenanzas e Regulamentos, dentro do ámbito da súa competencia.

Ademais, nos vindeiros meses vaia a proceder á instalación de contadores intelixente nos subministro de auga potable, co obxecto de mellorar a xestión da auga, polo que a regulación do servizo municipal de abastecemento de auga é unha medida que axuda á consecución do obxectivo mencionado.

OBXECTIVOS DA NORMA

Establecer a ordenación dos servizos de Abastecemento de auga potable, Saneamento e Deputación das augas residuais do Concello da Merca, incluíndo disposicións relativas ás instalacións, contadores, contratos de subministracións, dereitos e obrigacións de cada parte, interrupción e extinción da subministración, recibos, así como recoller o ámbito de aplicación das taxas, e o réxime de infraccións e sancións.

POSIBLES ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS

Despois dunha análise previa, a regulación mediante Regulamento considérase a mellor vía posible, para conseguir unha maior seguridade xurídica, para todas as partes intervinientes, unha maior eficacia no relativo ao obxecto que regula, sen prexuízo dunha mellor solución alternativa.

A Merca, a data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente. Asdo.- José Manuel Garrido Sampedro.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

